

**CONCELLERÍA
DE
FOMENTO**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE: 839/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DA CONTRATACIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE.641-441)

I. ANTECEDENTES

1.- Segundo o artigo 14.2 da Lei de 31/95 de 78 Novembro de Prevención de Riscos Laborais establece, dentro do ámbito de aplicación do persoal ao servizo das administracións públicas “O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de xeito continuo as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puidesen evitar e os niveis de protección existentes e dispoñerá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas as modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización dos traballos”.

2.- O art. 16.2 da Lei anteriormente reflectida dispón que o empresario cando fora preciso segundo as avaliacións realizadas, realizará controis periódicos das condicións de traballo e das actividades dos traballadores na prestación dos seus servizos.

3.- Dentro do marco da Lei 31/1995 de 8 de Novembro de Prevención de riscos laborais, se establece o Real Decreto 1215/1997 de 18 de Xullo que regula as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo utilizados polos traballadores durante o seu servizo. Así no seu art. 4.2 en referencia á comprobación dos equipos de traballo indica que “O empresario adoptará as medidas que foran precisas que aqueles equipos de traballo sometidos a influencias susceptibles de ocasionar avarías que poidan xerar situacións perigosas, polo que deben estar suxeitos a comprobacións e de selo caso a probas de carácter periódico con obxecto de asegurar o cumprimento das disposicións de seguridade e saúde”.

4.- Asemade, o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde que deben aplicarse nas obras de construción, establece no seu artigo 3.2 a obriga de designar por parte do promotor un Coordinador de Seguridade e Saúde na execución de obras nos supostos nos que interveña máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos.

Área de Fomento

1

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2021 14:11	Páxina 1 de 4
	Expediente 839/441	CSV: 2F88A7-B7EH37-482331-WZ7KZC-QAC9AN-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
FOMENTO**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE: 839/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

5.- Este contrato que se pretende, de duración CATRO (4) anos, para as TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO, tería inicio ao comezo do citado do contrato de Mantemento, Acondicionamento e Mellora das Infraestruturas Viarias do Concello de Vigo (expte. 641-441) que se atopa actualmente en licitación. Así como a posible prorroga do mesmo de UN (1) ANO, condicionada á aprobación da mesma para o citado servizo de Mantemento.

II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

O artigo 28 da Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro de 2.014, en adiante LCSP, establece que a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión. Xustifícanse no presente informe as devanditas necesidades así como a súa relación directa, clara e proporcional co obxecto do contrato.

A execución dos traballos de mantemento, acondicionamento, e melloras das infraestruturas viarias, require tanto de medios humanos como a utilización de equipos de traballo, a través da intervención de máis dunha empresa. Require a elaboración de documentos de xestión preventiva, informes e a coordinación en materia de seguridade e saúde en cumprimento da normativa vixente na materia, así como informes de adecuación dos equipos de traballo.

Xustifícase a necesidade de acudir á contratación externa dos traballos obxecto do presente contrato motivada por unha especialización e coñecementos específicos sobre a materia obxecto do mesmo, así como a súa especificidade e diversidade dos traballos a acometer, cunha dedicación intensiva. Os medios técnicos existentes no Concello de Vigo considéranse insuficientes para afrontar o volume e dedicación en relación coa especialización que os traballos requiren, aconsellando o emprego dun equipo técnico externo que execute os mesmos.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2021 14:11	Páxina 2 de 4
	Expediente 839/441	CSV: 2F88A7-B7EH37-482331-WZ7KZC-QAC9AN-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
FOMENTO**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE: 839/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

Así mesmo, dita actuación está vinculada directamente coas necesidades propias dos servizos que presta a Concellería de Fomento, en relación ás competencias municipais previstas no artigo 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”, así como da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.d).

2. Idoneidade.

Á vista dos antecedentes expostos considérase o obxecto e contido do contrato, idóneo para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse. A elaboración de documentación de xestión preventiva, informes e a coordinación en materia de seguridade e saúde resulta necesaria para a execución dos traballos incluídos no contrato de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, polo que se fai necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo non conta con recursos propios e adecuados para a execución deste servizo, dado que o mesmo demanda unha esixencia de persoal cualificado e con una determinada dedicación temporal, que non pode ser executado directamente pola propia estrutura municipal.

III. CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

No referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto constitúe un contrato de servizos dos previstos no artigo 17 da LCSP.

IV.- FINALIDADE INSTITUCIONAL E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2. da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, e artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, xa que se trata dun servizo para a correcta utilización de medios necesarios para o desenvolvemento de diferentes servizos contemplados como competencias propias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde, da Lei de 31/95 de 78 Novembro de prevención de riscos laborais, así como do Real Decreto 1215/1997 de 18 de Xullo, que regula as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo

Área de Fomento

3

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2021 14:11	Páxina 3 de 4
	Expediente 839/441	CSV: 2F88A7-B7EH37-482331-WZ7KZC-QAC9AN-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE: 839/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE SOLICITANTE: Fomento
-----------------------	--

VI.- CONCLUSIÓN

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación do “**DO SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO**”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Municipal (PD. XGL15/11/17).- Fátima Martínez Giráldez

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal.- Juan Sánchez González

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 25 de abril de 2018 e 18 de xuño de 2019, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019),

RESOLVO: Iniciar expediente para a contratación das obras de “**DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO**”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe, A Secretaria do Goberno Local.

Concepción Campos Acuña.

Área de Fomento

4



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2021 14:11

Páxina 4 de 4

Expediente 839/441

CSV: 2F88A7-B7EH37-482331-WZ7KZC-QAC9AN-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>